

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 14/12/2018 9:02:31

**SAIDA 15940/18**

Valedor  
do Pobo

Sra. conselleira de Política Social  
Edificio Administrativo San Caetano  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: G.6.Q/20706/18 a  
G.6.Q/20712/18

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018

Sra. conselleira:


Nesta institución iniciáronse actuacións de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia dos retrasos das valoracións de dependencia nas diferentes localidades.

A través de numerosas queixas coñecemos retrasos que sofren os solicitantes de primeiras valoracións ou revisións do grao de dependencia. Despois de confirmar os retrasos formulamos diferentes recomendacións á consellería para que resolvera sobre cada caso tratado e con carácter xeral tamén que *concretara as actuacións para corrixir os retrasos nas valoracións de dependencia e os seus resultados*.

Dado que nas respostas ás recomendacións en algúns casos non se sinalou a data previsible de valoración e tampouco a evolución das listas de agarda, faise preciso coñecer o estado actual das listas en cada localidade.

Polo exposto inicianse investigacións sumarias e informais para o esclarecemento dos feitos. En concreto requirimos dese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o estado das listas de agarda para valorar a dependencia nas diferentes localidades (A Coruña (Q/20706/18), Ferrol (Q/20707/18), Santiago (Q/20708/18), Pontevedra (Q/20709/18), Vigo (Q/20710/18), Ourense (Q/20711/18) e Lugo (Q/20712/18)); sobre os tempos de espera actuais en cada unha delas, a mellora xa concretada e, no seu caso, as previsións de mellora dos tempos de agarda para o futuro; e sobre as demais circunstancias relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoa atentamente.

  
Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo